

# Tema 4: A época do Románico

## 1. A cristiandade

Durante a Idade Media o cristianismo era a relixión da maioría dos europeos. Isto axudou a formar unha civilización común: por iso, os territorios de Europa eran coñecidos como a **cristiandade**. A Igrexa estaba presente en todos os países de Europa.

Na Idade Media, a Igrexa e as autoridades velaban porque ninguén se desviase da doutrina católica oficial. Estas desviacións chamábanse **herexías**, e eran duramente perseguidas. Unha das herexías máis importantes foi a dos cátaros no sur de Francia, que defendían a existencia de dous deuses, un bo e outro malo.

A Igrexa interviña en case todos os aspectos da vida. Tiña un gran poder social e económico, xa que boa parte das terras eran propiedade dos mosteiros e dos bispados. Os bispos e os abades eran señores feudais e tiñan servos que traballaban as súas terras e debían pagarlles as rendas. Ademais, todos os campesiños debían pagarlle o **décimo**, que era a décima parte das súas colleitas.

Tiña tamén unha grande influencia política, xa que os papas interviñan nos asuntos dos reinos cristiáns. Incluso interviña nas guerras: establecía certos períodos nos que estaba prohibido loitar, chamados **tregua de Deus**, e tamén podía organizar grandes exércitos dispostos a combater por motivos relixiosos, como pasou nas **cruzadas**.



No ano 1078 os turcos conquistan Xerusalén: o Papa, xunto cos reis europeos, decide enviar expedicións militares para recuperar Terra Santa, que serán coñecidas como as **cruzadas**. Conseguiron conquistar algún territorios e fundaron o reino de Xerusalén, pero non durará moito. Vai haber un total de 7 cruzadas entre os séculos XI e XIII.

Os **cruzados** eran os cabaleiros que loitaban contra os musulmáns (chamábase así pola cruz da súa armadura): algún eran nobres que buscaban honor, outros eran aventureiros que buscaban fortuna, outros eran persoas moi relixiosas... Ademais vense crear as **ordes militares**, metade monxes e metade soldados: os máis famosos foron os cabaleiros templarios.


Ao final as cruzadas fracasaron polo enfrontamentos entre eles e pola forza militar dos turcos. Tiveron un aspecto positivo: favoreceron o comercio no Mediterráneo (ciudades de Venecia, Xénova ou Pisa); e outro negativo: provocaron matanzas de poboación, saqueos e destrucións.

## 2. Unha arte relixiosa

A partir do século XI estendeuse por toda Europa Occidental un novo estilo artístico ao que lle chamamos románico porque nos lembra á arte romana.

É unha **arte relixiosa**, porque o seu obxectivo era achegar aos fieis a Deus. Outra característica da arte románica é o uso de **símbolos**. Todo tiña un significado, desde as formas dos edificios ata os materiais utilizados ou a decoración. En canto aos **artistas**, eran considerados como meros artesáns. Na maioría dos casos nin sequera se coñece o nome de quen realizaba as obras. Adoitaban levar unha vida itinerante, é dicir, cando terminaban o seu traballo nun lugar marchaban a outro para poderen sobrevivir.

## 3. A arquitectura románica




A influencia da relixión nótase no tipo de edificios máis importantes da época: as **igrexas**, as **catedrais** e os **mosteiros**. Os principais edificios románicos construíanse en **pedra**, para evitar os incendios. Estas son as características da arquitectura románica:

- Para cubrir os edificios usaban as **bóvedas de canón** e as **cúpulas** (que xa usaran os romanos).
- As cubertas apoiábanse en **arcos de medio punto** e grosas **columnas e piares**.
- Utilizaban **muros moi grosos**, reforzaban o edificio con **contrafortes** no exterior e reducían o número de fiestras e o seu tamaño. Todo isto para evitar que as cubertas, que eran moi pesadas, derrubasen os edificios.
- Ademais, provocaban que os edificios tivesen **pouca luz no seu interior**.
- Os templos soían ter **planta de cruz latina** (simbolizaba a cruz na que morreu Xesús). O brazo longo da cruz podía estar composto dunha ou varias **naves** que acababan nunha **ábsida**. O brazo máis curto chámase **cruceiro ou transepto**.

#### 4. A escultura románica

O exterior e o interior dos edificios románicos decorábanse con esculturas. Ademais de decorar, estas esculturas tiñan unha **función educativa e relixiosa**. Como a maioría das persoas non sabían ler nin escribir, as imaxes ensinábanlle os personaxes e temas da relixión cristiá. Por iso se di que as igrexas románicas eran «Biblias en imaxes». Estas son as principais características:

- As esculturas románicas **adáptanse á arquitectura**: os artistas alongaban, retorcían ou estiraban as figuras para adaptalas ao espazo de que dispoñían, por iso parecen desproporcionadas.
- As figuras son **esquemáticas, ríxidas e inexpressivas**: non querían representar a realidade, senón simplemente unha idea.
- Estaban pintadas con **cores fortes**.
- Nas portadas das igrexas decorábase o **tímpano**, as **arquivoltas** e o **parteluz**. Os temas eran, por exemplo, o Cristo en maxestade (ou pantocrátor) e o Xuízo Final.
- Nos **capiteis** das columnas había temas moi variados: escenas da Biblia, animais reais ou monstruosos (que simbolizaban o pecado), escenas da vida cotiá ou elementos vexetais.
- Tamén se facían esculturas de madeira para os altares. Representábanse dous temas principais: a Virxe co Neno e o Cristo crucificado.



## 5. A pintura románica

A maioría dos edificios románicos estaban pintados tanto no exterior coma no interior. Ao igual que a escultura, a pintura románica tiña unha **función didáctica**: servía para ensinar a Biblia, vidas de santos, etc.

As súas características eran:

- As figuras representábanse de **forma esquemática** e en posturas ríxidas e non eran naturalistas.
- Algúns personaxes debuxábanse a un tamaño moito maior ca o resto, para resaltar a súa importancia (**perspectiva xerárquica**).
- Utilizábanse **cores intensas**: así eran máis expresivas e podían verse mellor.
- O contorno das figuras perfilábase cunha grossa **liña negra**.
- As partes do corpo que máis se resaltaban eran os ollos e as mans.
- Pintábanse sobre **todo temas relixiosos**: a Apocalipse de San Xoán, monstros e animais imaxinarios.
- Pintaban sobre os muros (**pintura mural**), sobre todo na ábsida onde estaba o altar. Os temas eran o pantocrátor e a Virxe co Neno.
- Tamén pintaban sobre **táboa** para realizar pequenos retablos. Os temas eran as vidas dos santos e os mártires.
- As **miniaturas** eran pequenas pinturas coas que se ilustraban libros, como biblias, códices, santorais, etc. Elaborábanse escenas que acompañaban os textos e decorábanse as letras iniciais de cada capítulo.

## 6. A cultura

Durante a Idade Media, os **mosteiros** foron os principais focos de cultura. Nos mosteiros había unha **biblioteca** na que se gardaban obras de todo tipo, non só relixiosas. En moitos moiteiros había tamén un **scriptorium**, onde algúns monxes copiaban á man manuscritos e decorábanos con pequenas ilustracións, ás que lles chamamos **miniaturas**. Sen o labor destes monxes, gran parte dos escritos dos antigos gregos e romanos e dos intelectuais da Idade Media xa estarían perdidos para sempre.

No século XI, Santiago de Compostela converteuse nun dos principais destinos dos peregrinos cristiáns. Segundo a lenda, os restos do apóstolo Santiago estaban enterrados alí, e sobre ese lugar edificouse unha igrexa. Peregrinos de toda Europa chegaban a Compostela cada ano para visitar o sepulcro do apóstolo. A ruta que percorrían os peregrinos coñécese como **Camiño de Santiago**.



O Camiño de Santiago foi unha vía de desenvolvemento económico, pois, para cubrir as necesidades dos viaxeiros, xurdiron moitos negocios nas cidades polas que pasaba o Camiño. Tamén funcionou como vía de desenvolvemento cultural: os peregrinos traían modas, novidades artísticas ou formas de pensar doutros países. Ao longo do Camiño de Santiago encóntranse algunhas dos mellores exemplos de edificios de estilo románico de España, e a catedral de Santiago de Compostela foi unha das igrexas máis importantes de Europa, que serviu de modelo das igrexas de peregrinación.